



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE DECEMBRO DE 2020, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
(Intervención telemática)	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (24/11/2020)

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que no punto 7 da orde do día falta “Presenta unha moción, sen sequera traballala un pouco, e supón que lla mandaron do partido, mestura todo e incluso se atrevería a dicir que non ten intención de gobernar nunca aquí”.

Onde di: “que os gobernos socialistas do Estado e da Deputación cumpren e a Xunta de Galicia non”, debe dicir ” ... primeiro xa no preámbulo, vostedes aproveitan para dicir que gobernando no Estado e na Deputación son uns campións mundiais, pero a Xunta son uns desgraciados”.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que se a Presidencia quere que conste así, pola súa parte non hai ningún problema. Recórdalle que a acta non ten a función de recoller as discusións, senón os acordos. Non se van recoller literalmente as discusións porque non é un diario de sesións. Roga que en vindeiras ocasións, nas cuestións de detalle acudan á gravación, non á acta.

A Presidencia di que non ten maior inconveniente en que quede reflectido na acta o que dixo. Se non o dixo non vai aceptar que se poñan cousas que non dixo.



Logo de realizar as correccións, apróbase por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, do Orzamento municipal para o exercicio 2021

Examinado o expediente que contén o proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vedra para o exercicio económico de 2021, que presenta o Sr. Alcalde, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o art. 18 do Real decreto 500/1990 e do art. 168 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, proponse:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio 2021 por importe de 4.605.885,53 euros de acordo co seguinte detalle:

Estado de gastos

	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	1.OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	• OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I	Gastos de persoal	1.417.709,00 €
CAPÍTULO II	Gastos correntes en bens e servizos	2.396.562,00 €
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	10.768,00 €
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	287.530,00 €
	Total operacións correntes	4.112.569,00€
	• OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI	Investimentos reais	414.249,57 €
	Total operacións de capital	414.249,57 €
	TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (2.1+2.2)	4.526.818,57 €
	2.OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	15.000 €
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	64.066,76 €
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	79.066,76 €
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	4.605.885,53 €

Estado de ingreso

	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	1.OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	1.1. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I	Impostos directos	1.302.000,00 €
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	40.000 €
CAPÍTULO III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	553.500,00 €



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	2.448.868,18 €
	Total operacións correntes	4.344.368,18€
	1.2. OPERACIÓN DE CAPITAL	
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	201.522,15 €
	Total operacións de capital	201.522,15 €
	TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS (1.1+1.2)	4.171.020,39€
	2.OPERACIÓN FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	15.000,00 €
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	44.995,00 €
	TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS	59.995,00 €
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	4.605.885,53 €

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Aprobar o anexo de persoal no que se inclúe o cadro de persoal e as actualizacións das súas dotacións económicas conforme a relación de postos de traballo (RPT) do Concello.

4º.- Aprobar o anexo de investimentos.

5º.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

6º.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contando a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitivo.

En cumprimento do previsto no artigo 21.6 do Real decreto 500/1990, o orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2021 terá o seus efectos dende o 1 de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

A Presidencia manifesta que a elaboración destes orzamentos enmárcase nunha situación caracterizada por un lado por unha liña de continuidade do pasado orzamento do 2020 en canto á necesidade de controlar o gasto co obxecto de continuar co saneamento do remanente de tesourería, e por outro lado pola situación de emerxencia sanitaria provocada pola COVID que va afectar profundamente á economía e á sociedade no seu conxunto. Por tanto, nese contexto a prioridade continúa a ser fundamentalmente o mantemento dos servizos que presta o concello coa calidade dos mesmos.

O capítulo de ingresos é unha estimación prudente, realista e o cálculo fíxose atendendo a eses criterios de prudencia e racionalidade, sobre todo en base á liquidación do



exercicio do 2019 e o avance de liquidación do 2020; o cal permite pensar que os mesmos se liquidarán ou ingresarán na súa totalidade, salvo causas extraordinarias. Espera e cre que cando se liquide o orzamento do 2021, os ingresos serán superiores ao establecido. En definitiva, como fixo o grupo de goberno sempre, hai unha prudencia nos ingresos.

En canto aos gastos, axustáronse os gastos de persoal á realidade, incluída a previsión de subida do 0,9% establecida polo Estado. É certo que en medidas como o fomento do emprego aínda non constan os créditos que van vir (PEL, RISGA, APROL RURAL, etc), que en base á prudencia non están incorporados. Farase no momento en que veñan concedidos e constará o ingreso e gasto correspondente.

No referido ao capítulo 2, gastos correntes e servizos, mantense ese control do gasto como xa se fixo no orzamento pasado. Aparecen novas partidas, como os gastos ocasionados pola COVID. O que se prevé é garantir a cobertura e a prestación de todos os servizos do concello.

Algunha partida pode sorprender, como a do PEL Reactiva, onde hai unha parte importante que achega a Deputación, pero tamén o concello pon a súa parte complementaria naquelas medidas coas que o concello poida apoiar para a reactivación económica e social das empresas.

En servizos sociais nótase a subida do custe que se produce no SAF. O capítulo de servizos sociais vai arredor de 1.200.000 €, practicamente o 25% do orzamento do concello, o que demostra a importancia e o mimo e coidado con ese capítulo.

No capítulo 6 de inversións, contrólase o gasto, porque deben e teñen que cumprir as medidas fiscais de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto e seguir saneando o remanente de tesourería.

En todo caso, iso non significa que non se vaian executar as obras que están aprobadas nos plans de obras. Aí inclúense os investimentos necesarios para o mantemento e mellora das infraestruturas dos servizos que presta o concello, tamén aqueles que están financiados non só no 2020, senón tamén aqueles que se prevé acadar o seu recoñecemento de obriga no 2021.

Vendo o capítulo de inversións, que pode parecer que son escasos, remítese a que cando se execute completamente o exercicio 2020, se vexa cal é a porcentaxe que ten nese orzamento total o capítulo de inversións.

Agora está posto o POS 2020, que está pendente de adxudicar e executar (ampliación de abastecemento en Afós e Eiravedra, Laraño e a segunda fase da pista de rodadura). Agora mesmo non consta nos orzamentos o POS 2021, que se vai aprobar no pleno de xaneiro ou febreiro. Cando se aprobe incorporaranse eses investimentos ao orzamento.

A intención é que os saneamentos de Quintáns e Santa Cruz, dos que hai proxectos, licenzas e autorizacións, se aproben en xaneiro no POS 2021e se incorporen ao orzamento e se poidan executar no 2021.



A oposición pode criticar que no arranxo e reposición de pistas non haxa unha partida moi grande, pero tamén é certo que non está incluído o capítulo de Agader para o arranxo das mesmas (aproximadamente 50.000 €). Están elaborando un proxecto de reparación de pistas que ascenderá arredor dos 100.000 € para ese POS complementario.

Tampouco están contempladas aquelas obras para as que conseguen financiamento (gardería, pavillón, etc) de ata un 80% do IDAE; así como outras nas que a Xunta de Galicia achega o 100% (por exemplo non aparecen nos orzamentos o millón de euros para a ampliación do CPI, e fíxose).

Tamén pretenden rematar outras obras no 2021, como o obradoiro de produtos agrícolas de San Mamede.

Pode parecer que hai pouca inversión, pero remítese a cando remate o 2021 e se vexa o que está executado e o que non. En definitiva, é unha estimación de ingresos prudente e realista e uns créditos suficientes para cubrir o custe dos servizos e facer fronte aos compromisos de débedas que son esixibles.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que a Presidencia non solicita o voto a favor porque non o necesita. Anuncia o voto en contra do seu grupo.

Di que efectivamente a partida de investimentos con respecto ao ano pasado baixa. Unha vez máis o POS+ 2021 vaino dedicar a gasto corrente, esquecéndose dos investimentos. Considera que iso ten unhas consecuencias porque cre que o concello perde cartos ao dedicar eses ingresos a gasto corrente e non a obras, porque na partida deste ano do POS+ nas baixas, a Vedra correspóndenlle 197 €. É un dato sorprendente comparando con outros concellos. O que sucede é que como non executa obras con eses cartos, non se poden producir baixas nas adjudicacións e o concello queda sen eses cartos. Cre que é unha maneira de utilizar eses fondos tan importantes para o concello, para despois seguir perdendo o control sobre todo nas obras que decide realizar a dedo.

No capítulo de educación do orzamento aumenta a partida en traballos realizados por empresas e profesionais, é dicir, reflíctese a externalización que se fixo do servizo de limpeza que se adjudicou a dedo e seguen esperando polo concurso do mesmo. Parécelle que as leis e procedementos para o grupo de goberno non son para cumprir.

O grupo do PSdeG-PSOE tivo acceso aos orzamentos da Xunta para o 2021 e a Vedra correspóndenlle cero euros. Dende o grupo parlamentario do PSdeG-PSOE trasladóuselle unha petición á Xunta de Galicia para facer un estudo sobre a ampliación e modernización da depuradora de San Xián para facilitar a conexión a parte da parroquia de San Fins.

Por último, sinala que non están de acordo co orzamento nin coa súa maneira de gobernar, externalizando todo, e o voto do seu grupo vai ser en contra.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que como en anos anteriores o orzamento é un documento puramente político e é unha declaración de intencións da que difire.



É de agradecer o incremento no tema social e de COVID, sen embargo o que ten que ver en como concibe o concello e o tema estrutural non está de acordo. Pregunta como vai o tema dos habitantes, se baixaron dos 5.000, e se son os mesmos ingresos.

Di que non lle gusta como o equipo de goberno vai gastar os cartos en educación e saneamento, e bota en falta partidas específicas para o desenvolvemento do polígono industrial.

O importante é a liquidación do orzamento cando se vexa canto se gastou e en que se gastou. Anuncia o voto en contra do seu grupo.

A Presidencia respóndelle ao BNG que é obvio que os orzamentos son unha declaración de intencións, e que o importante é ver despois o que se executa, como, cando, canto e onde. Evidentemente o PP ten unha visión do concello diferente ao do BNG e nalgúns cousas coinciden e noutras non.

Respecto ao número de habitantes di que na data actual son 5,050 ou 5.052 e hai que esperar a que veñan as baixas de decembro e a regularización do INE.

Sobre a argumentación do PSdeG-PSOE, di que no que se refire ao POS e ás baixas, cre que están confundidos. Se ao concello, en canto ao POS, lle corresponden 700.000 €, van recibir a totalidade deses cartos, sexa en gasto corrente, fondo social, obras, etc.

Cando se adxudica unha obra hai unha parte que pon a Deputación e outra o concello. A baixa aplícase ao 100% primeiro á parte que pon o concello e despois continúa na parte que pon a Deputación.

Había concellos que a parte que poñía o concello era exactamente a que tiña que poñer, e polo tanto cando había unha baixa importante, afectaba a moitos cartos que tiña que poñer a Deputación. Por exemplo, sacábase unha obra por 100.000 €, onde a Deputación poñía 90.000 € e o concello 10.000 €, e había unha baixa de 30.000 €, e resulta que do que recibía da Deputación se restaban 20.000 €; ou ben porque non se puidese adxudicar a obra por calquera razón.

No seu momento considerouse que iso non era xusto, que eses cartos da Deputación que en principio ían destinados a eses concellos, se beneficiaran outros concellos.

En resumo, se ao concello de Vedra, por aplicación de baixas, en vez de recibir 700.000 € da Deputación, recibiran 600.000 €, daríanlle os 100.000 € que lle corresponderían daquel ano.

O concello de Vedra non ten ese remanente porque nas obras xa contan que a baixa vai afectar primeiro ao concello. No concello de Vedra o que se fai é que cando se planifican as obras, non se fai, por exemplo, por 100.000 €; senón por 150 ou 160.000 €, porque xa saben por experiencia que vai haber unha baixa dun 25%, e polo tanto non se producen baixas no que a Deputación lle paga ao concello.



Polo tanto, os concellos sempre van recibir o que lle corresponde en virtude de datos obxectivos; e por este motivo o concello de Vedra non vai recibir tanto nese apartado, porque as baixas que houbo non afectaron á parte da Deputación.

En canto ao servizo de limpeza, é verdade que sube, pero por outro lado tamén baixan os gastos de persoal.

Evidentemente os orzamentos da Xunta de Galicia tamén son declaracións de intencións e pode haber obras que agora non están contempladas nese orzamento e que despois se consiga que veñan eses cartos para Vedra.

Nos orzamentos tampouco figuran os 700.000 € cos que a Xunta de Galicia vai subvencionara a acometida eléctrica ao polígono industrial, pero que sen embargo están concedidos. Son partidas do ano pasado procedentes de convocatorias de subvención que non teñen nome e apelidos.

Cre que o importante é ver na liquidación cantos cartos viñeron para Vedra, que obras se fixeron, etc.

Solicita o voto a favor ou a abstención dos grupos da oposición.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que non van cambiar o sentido do seu voto. Cando fala do servizo de limpeza de que hai unha baixa nos gastos de persoal, resulta que as cotizacións á Seguridade Social aumentan cando se reduciu o persoal a cargo do concello e polo tanto non lle cadran as contas.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo vai votar en contra.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do PSdeG-PSOE e BNG.

3º.-Aprobación, se procede, das bases reguladoras da adxudicación dunha operación de crédito a curto prazo, modalidade de póliza de crédito.

Visto que con data 14 de decembro ditouse Providencia de Alcaldía para o inicio dos trámites oportunos para concertar unha operación de crédito a curto prazo para dispoñer da liquidez para o pagamento total do investimento do proxecto de “Renovación das instalacións de alumeadado exterior público do Concello de Vedra” como requisito para a percepción da totalidade da subvención concedida para o dito investimento polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).

Vistos os informes emitidos pola Secretaría e pola intervención sobre a operación prevista.

Examinada a documentación que acompaña o expediente 2020/X9997000089 e de conformidade co establecido o artigo 52.2 do Texto Refundido de Lei de Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, proponse:

Primeiro- Aprobar as bases para a concertación da operación de crédito a curto prazo na



modalidade de póliza de crédito por importe de 500.000 € (CINCOCENTOS MIL EUROS).

Segundo.- Remitir as condicións da concertación de devandita operación de crédito a curto prazo baixo o principio de prudencia financeira, ás entidades financeiras colaboradoras, para que presenten as súas ofertas.

Terceiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local a adxudicación da operación de crédito a curto prazo.

A Presidencia sinala que a P4 (inversión) ronda o millón de euros e o IDAE concedeu unha subvención de 800.000 €. Ao longo do 2020 recibíuse unha notificación onde se concedían un anticipo do 40% (320.000 €) en relación a esa inversión, e visto que para recibir, como en calquera concesión de subvención, a totalidade da subvención, é requisito fundamental efectuar o traballo e o pagamento íntegro da parte asociada ao investimento que supón 957.000 €, dos cales a 01/01/2021 teranse pagados 111.000 €.

Visto que hai un importe anticipado de investimento por 298.000 €, supón que se necesita dispor de liquidez de 850.000 € para o pagamento total do investimento. Espera facelo na primeira quincena de febreiro, co cal ao concello lle permitiría abrir esa póliza de crédito no 2021, ter esa liquidez e por tanto non afectar ao período medio de pago de provedores nin a outras cuestións do concello. Isto supón facer o pago total da inversión, xustificala a principios de ano en Madrid e ao longo do ano cobrar esa subvención e cancelar a póliza de crédito; co cal non tería ningún efecto sobre as arcas municipais e na xestión do concello no 2021.

Os técnicos do IDAE recomendaron facer isto no primeiro trimestre do ano para ter marxe no tempo no caso de que houberse algún adiamento. Trátase de pagar todo no 2021 e cobrar todo nese mesmo ano e cancelar dita operación de póliza de crédito e no 2022 xa se deixaría de pagar a prestación P4, uns 80.000 € anuais.

Considera que é unha boa operación para o concello e solicita o voto a favor.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo nunca estivo de acordo co contrato con Ferrovial, con que levara os cartos unha empresa desas características, xa que cre que había empresas na contorna que o podían facer. O seu grupo vaise abster.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que o seu grupo vai votar en contra. Non están de acordo con ese contrato con Ferrovial. Di tamén que ten un recordo de que hai uns meses xa se falara de que se ían deixar de pagar uns 80.000 €, nunha situación similar a esta. Está desconcertada con estas operacións financeiras para pagar un contrato que se puido ter da do a empresas da contorna e pregunta como se van pagar os xuros desa operación de crédito a curto prazo.

A Presidencia responde que os xuros son relativamente pequenos e xa están previstos no orzamento do 2021.

Non vai volver entrar nunha discusión eterna que xa se debateu con anterioridade. No ano 2018, que non estaba feita a obra e para a que houbo un concurso público para a adxudicación da mesma, gastáronse 215.000 € entre subministración eléctrica e



mantemento. No 2020 tivo un custe de 216.000 €, pob que en relación ao custe non hai nin vantaxes nin inconvenientes.

No ano 2018 había unha iluminación mala, con cadros vellos e perigosos, unha iluminación insegura que non pasaba as OCAS, que non se facían limpeza, que non tiña garantía ningunha (cando se estragaba algo tiña que pagalo o concello) e había 600 farois apagados.

No ano 2020 hai unha iluminación nova, os cadros son novos e seguros, o mantemento, as OCAS, a limpeza, a garantía do 100% (se pasa algo paga a empresa non o concello), acendéronse os 600 farois e mesmo houbo melloras.

Cre que, aínda que se pagara o mesmo, a mellora é ostensible.

Esta subvención o que fai é que haxa unha iluminación pública nova e no ano 2021 se paguen só 130.000 € ao ano porque desaparece a P4.

Solicita o voto a favor.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que a iluminación pública no ano 2018 estaba como estaba porque dende que o PP entrou no goberno do concello non fixo nada ao respecto. Xurdiu esta subvención e o grupo de goberno lanzouse a ese contrato por todos eses anos e así esquecese do tema.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o IDAE concedeu esa subvención millonaria para reconstruír toda a instalación eléctrica e cambiar todo, e resulta que os beneficios dese menor consumo lévaos Ferrovial.

Pregunta se a Presidencia cre realmente que Ferrovial perde cartos. Pídelle que por un momento imaxine que o concello o ano que vén deixa de pagar 60.000 €, que ganará Ferrovial, e non o concello.

Cre que é evidente que é unha cuestión ideolóxica e alguén debería mirar que é o que acontece con Ferrovial e o PP.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

A Presidencia respóndelle ao Sr. Pose Rodríguez que a empresa Ferrovial e o BNG asinaron en Carballo un contrato igual ca este.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, replica que en Carballo non é o mesmo contrato, que o de Vedra é único e excepcional. Por outro lado, non lle importa o que faga o BNG con Ferrovial en Carballo; o que lle preocupa é Vedra.

A Presidencia di que é unha ESE exactamente igual. A el tamén lle preocupa Vedra. Concellos próximos a Vedra intentaron cambiar a iluminación pública, que lle concederan unha subvención para facer eles o cambio adxudicándollo a unha empresa e logo levar eles o mantemento do mesmo e sempre houbo problemas. Mesmo algún concello tivo que renunciar á subvención.



Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP, tres abstencións do PSdeG-PSOE, e dous votos en contra do BNG.

4º.- Aprobación, se procede, da derogación da ordenanza fiscal núm. 16 reguladora da taxa pola prestación de servizos nos centros prestadores de servizos sociais.

A Presidencia di que se van debater este punto da orde do día e o seguinte conxuntamente, por estar relacionados, aínda que despois se votarán por separado.

Preténdese aprobar no punto seguinte a derogación da ordenanza reguladora da taxa pola prestación de Servizos nos centros prestadores de servizos sociais, polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Derrogar a Ordenanza Fiscal núm. 16 reguladora da taxa pola prestación de servizos nos centros prestadores de servizos sociais (PAI, Gardería e Ludoteca Municipal), cuxo texto integro foi publicado no BOP núm. 299/04, do 30 de decembro, dado que na actualidade este concello xa non dispón de PAI e a taxa pola utilización da ludoteca municipal está incluída na ordenanza reguladora da taxa pola prestación do Servizo do Programa Municipal de conciliación CONXUGA do Concello de Vedra (BOP núm. 156/20, do 21 de setembro).

A Presidencia di que é a derogación de dita ordenanza que estaba baleira de contido porque xa se fora regulando en ordenanzas posteriores, e o seguinte punto é aprobar a ordenanza fiscal propia da prestación da gardería que reflicte o regulamento aprobado no seu momento.

Solicita o voto a favor.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta se é legal estar cobrando esta tarifa dende o 01/09/2020 cando nin sequera está publicada a taxa. Di que o seu grupo vai votar a favor da derogación e en contra da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de atención na escola infantil porque non lles parece unha suba necesaria nestes momentos.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o que é a derogación da taxa parécelle normal neste momento, e o que é unha nova taxa neste momento non lle parece nin normal nin lóxico nos tempos actuais.

A Presidencia di que na aprobación da ordenanza fiscal o que se fai é ratificar o que se aprobou no regulamento hai un par de meses e xa se debateu.

Respecto á pregunta de dona Raquel Sangiao, di que lle contestará no próximo pleno.

Posta a votación, apróbase con dez votos a favor do PP e BNG e tres en contra do PSdeG-PSOE.

5º.- Aprobación, se procede, da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de atención na escola infantil municipal.



Dado que se pretende derogar a ordenanza fiscal núm. 16 reguladora da taxa pola prestación de servizos nos centros prestadores de servizos sociais, que regula entre outros a taxa pola prestación do Servizo na escola infantil municipal, propónse ao Pleno:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo na escola infantil municipal de Vedra.

Segundo.- Someter a información pública o acordo mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da casa do Concello, durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do mesmo, para que os interesados poidan examinar o correspondente expediente e presentar as alegacións oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten alegacións ao expediente, no prazo anteriormente citado, o acordo entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do PSdeG-PSOE e BNG.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre indemnización en Romarís a un particular por unha obra de saneamento, A Presidencia di que non foi capaz de atopar os datos ao respecto. Solicítalle que lle dea máis datos sobre o mesmo e non lle consta ter pagado nada en Romarís.
Dona Beatriz Amenal di que está nunha resolución de Alcaldía.

2º.- Respecto dos tres contratos menores a Ferretería-Droguería El Sol, Limpiezas Germania, S.L. e a M. Baluja, a Presidencia di que respecto a Ferretería-Droguería El Sol os obxectos dos contratos son diferentes, como xa dixera.
Respecto a Limpiezas Germania, S.L. e a M. Baluja di que se fixeron distintos contratos porque son edificios diferentes e só por 3 meses, xa que o obxectivo é sacar a licitación por un ano o máis pronto posible, e si o permite a Lei de contratos.
Estanse redactando as bases de licitación e a idea é licitalo en xaneiro.
En canto ao informe de Secretaría, entende que se actúa conforme o permite a lei, senón o Secretario xa o tería advertido ao respecto e considera que non é preciso solicitar o informe. Dito isto, en calquera caso se segue insistindo, non ten problema en solicitar ese informe.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o persoal que limpa o CPI de Vedra, di que xa está contestada.



2º.- Respecto á débeda coa que se vai pechar o ano 2020 sae normalmente na prensa antes de pechar o ano, di que é un comentario que non comparte. Entende que fai referencia ás informacións económicas trimestrais, porque as anuais non se poden dar ata que remate o ano.

3º.- Sobre a factura de 500 € a Hércules Ediciones pola compra de 40 exemplares de A noite en que todo cambiou, de Concha Otero, se é casualidade que esta veciña de Trobe fora membro da candidatura do PP de Vedra nas eleccións municipais de 2019, responde que non ten nada que ver. Parécelle inxusto e indigno que faga ese tipo de consideracións.

Respecto a mercar libros que publican veciños de Vedra se fai sempre ou só cos de primeira categoría, di que esa afirmación é falsa e maliciosa. Na traxectoria do equipo de goberno demóstrase que aos autores vedreses que solicitan colaboración como autor persoal ou como asociación, sempre colaborou o concello e desta vez non ía ser unha excepción. O equipo de goberno nunca mira a condición da persoa ou asociación.

En canto ao de pagar favores persoais, di que o equipo de goberno non paga favores persoais e rógalle que non se confunda tantas veces.

-- Ás preguntas do Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ás obras que se van facer no concello de Vedra co obradoiro de emprego, di que en principio non se van facer obras porque o obradoiro é por servizos forestais e xestión de masa forestal. Van intentar que sexa para o castro de Socastro e en espazos públicos do concello.

2º.- Sobre se vai rematar a senda peonil de San Fins, A Presidencia di que si a van acabar nesta lexislatura ata a N-525.

3º.- Respecto a limpar as cunetas este ano antes de que veña a choiva pola zona de San Xián, Illobre e San Fins, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que as cunetas se limpan todos os anos coas rozadoiras do tractor, tanto nas pistas asfaltadas como nas de monte. Este ano, por mor da COVID e pola baixa laboral dun tractorista, houbo un retraso. A día de hoxe xa están ao mesmo nivel que outros anos e pronto quedarán todas rematadas. Agora están coas de monte e só quedan San Xián, Illobre e San Fins. Cre que a mediados estarán rematadas.

-- Ás preguntas de dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia responde:

1º.- Sobre a Aula Cemit, di que é un rogo do que toma nota.

2º.- Respecto aos horarios de autobús a Santiago, di que no corredor da N-525 o primeiro chega ás 08:10 e no corredor interior ás 08:18.

7º.- Rogos e preguntas

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:



1º.- Insiste sobre o informe dos contratos menores xa que fixo unha solicitude e non lle contestou.

Pregunta por que non se unifican os tres contratos (casa do concello, centro de saúde e escolas unitarias) feitos con M. Baluja nun só.

O mesmo sucede con Limpezas Germania, e a licitación vai con retraso. Supón que terá que prorrogar os contratos xa que non se van deixar eses espazos sen limpar.

Sucede o mesmo con Ferretería-Droguería El Sol.

2º.- Pregunta se o grupo de goberno ten pensado facer algo polo emprego no concello de Vedra. Consultando os orzamentos, sendo menos persoal no concello, as cotizacións á seguridade social subiron. Imaxina que será debido á cotización da nova dedicación exclusiva do concelleiro. A praza do Sr. Munín non se amortizou e séguese cotizando por el.

A Presidencia contesta que unha cuestión é que estea presupostado e outra que se pague.

Dona Beatriz Amenal pregunta se pensa sacar esa praza e por que non a sacou xa.

3º.- O outro día cando entrou no concello non había xel hidroalcolico na entrada. Supón que iso é un cometido da empresa que limpa o concello. Hai queixas do seu traballo e pregunta se están satisfeitos co traballo que desenvolve.

4º.- Solicita que se convoquen formalmente as xuntas de portavoces en tempo e forma, cunha orde do día e se levante acta das mesmas.

5º.- No pleno do 20 de maio aprobouse un POS+ adicional 1/2020 para gastos sociais derivados da COVID-19 cunha achega da Deputación de 32.800 € e que ascendía a 83.000 €. Pregunta como se repartiron eses cartos e como se fai ese pago xa que non vén nada reflectido nada nas facturas.

6º.- Respecto ao CIM, viu na televisión un programa na que estaba como invitada unha dos membros do mesmo, e entendeu que estaban dous días no concello tanto a avogada e a psicóloga. Resulta que vén un día a avogada e outro día a psicóloga. Pregunta cal é o motivo para que sexa así. Parécelle escaso. Tamén pregunta se están satisfeitos co seu funcionamento e se Boqueixón ten unha incidencia maior en violencia machista tendo menos poboación.

Cre que Vedra debe aspirar a máis e facer máis cousas que atender ás persoas que o necesiten.

Solicita ademais que se lle dea publicidade a este servizo, xa que non aparece en ningún lado na páxina web.

7º.- Na Xunta de Goberno do 03/12/2020 hai facturas aprobadas a un procurador por procedementos que ten abertos o concello dos que son descoñecedores. Solicita saber cales son os procedementos 522/11, 523/11, 1320/11, 493/13, 43/15, 600/16, 130/17, 93/17, 400/18, 4189/20, 288/15 e 1840/18.

8º.- Hai pouco tempo entrou en servizo o novo plan de transporte e nalgunhas paradas non existe marquesiña. Pregunta se ten pensado localas e rógalle que concrete os horarios de paso polas mesmas.



--Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Espera que a cámara grave a todos os concelleiros e non só aos que interveñen no pleno, porque parece que os concelleiros do PP non están nin se esperan.

2º.- Pregunta como está o tema da cesión do centro de saúde de Vedra, porque segue figurando nos orzamentos.

3º.- Pregunta que beneficio económico ten a cesión do servizo de limpeza do CPI (14.500 €/trimestre). Parécelle máis caro que unhatraballadora e un autónomo.

4º.- Solicita que se coloque un espello en Fontao na curva xusto antes dos aluminios.

5º.- Solicita os seguintes arranxos na escola unitaria de San Fins: un refuxio para a choiva na entrada para que non se mollen os nenos á entrada, tarima na aula de psicomotricidade, o arranxo da fachada do centro que ten gretas e o seu pintado, o arranxo dun radiador que perde aceite, a pintura debaixo dunha fiestra, o cambio dun radiador, pintura para o muro exterior para que poidan pintalo os rapaces, a retirada e cambio das uralitas de amianto.

Tamén solicita para as escolas unitarias de San Fins e San Miguel que cubran parte do patio na de San Fins e a totalidade do patio da de San Miguel, ao igual que están a facer nas unitarias de Boqueixón.

6º.- Respecto ao spot “Vente a vivir a un pueblo”, na web consta que no 2021a fibra óptica na súa totalidade estará no concello, cre que é ser moi optimista ou mesmo mentir.

Contradise cando nunha parte di que temos menos de 5.000 habitantes e noutra máis de 5.000 habitantes. Supón que será como os reais e os censados.

Tamén di que hai outros servizos: banco, caixeiro, supermercados, restaurantes, centro social, panadería, piscina municipal, contorna natural destacada, río, afluencia turística de peregrinos do Camiño de Santiago, etc. Ata aí é todo correcto. Tamén di que está a Universidade de Santiago de Compostela, parece que está aquí en Vedra e está a 16 km. Tamén lle parece que é de risa que falen da conectividade do concello mostrando a Aula Cemit.

No tema do transporte, falar de paradas de bus é moi optimista ou moi mentireiro, porque moitas delas ao longo do ano non se limpan as herbas, están rotas ou non están identificadas.

Falar de vivenda en venda en Vedra por 50.000 € e facéndoo ensinando casas cun valor superior a 200.000 € parécelle unha tomadura de peb. En Vedra hai moitas casas deshabitadas que se poderían mercar por 50.000 € ou mesmo menos, pero habería que poñer 100.000 € para poder vivir nelas.

Cando falan do emprego, non se lle dá a mesma publicidade a todas as empresas que promocionan.



No que se refire a educación, en Vedra só hai un escola infantil de 0 a 3 anos. Non poñen en valor as unitarias e menten cando din que hai un instituto.

Bota en falta no vídeo algo feito polo goberno do PP, porque van alá 9 anos de goberno e aínda está esperando que faga algo.

Por último solicita ver o permiso de AENA para o uso de drons para gravar todas as imaxes, porque moitas veces están nun espazo aéreo protexido.

7º.- Gustaríalle coñecer as reclamación da xestión que fai o concello da Escola Infantil Municipal.

8º.- Pregunta se no concello hai algunha irregularidade, a Presidencia lávase as mans e a culpa é toda do Secretario.

A Presidencia respóndelle que el non dixo iso, e en calquera caso responderalle no pleno seguinte.

-- O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Ao Sr. Vázquez, se foi colocado o colector de vidro en San Fins. Cre que a situación á beira da gardería non é o lugar axeitado e fácil para todos.

2º.- Respecto do obradoiro de emprego, di que en Boqueixón van facer moitas actuacións e en Vedra moi poucas. Gustaríalle que contaran co PSdeG-PSOE para indicar algúns traballos como a limpeza de lavadoiros, ruta do Pereiro.

3º.- Pregunta como está o tema do centro de día.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta se se vai limpar o castro de Socastro e se vai facer algún traballo arqueolóxico. Cre que tamén se podían facer actuacións no de Marzán.

2º.- A pregunta que fixo no pleno anterior sobre os cursos de ofimática que se impartían noutros concellos, era para dar unha referencia para que o concello tomara nota e se puideran facer. Pregunta se se van facer, xa que nos orzamentos se presupostou unha partida para actualizar a aula CEMIT.

Tamén pregunta cando se van facer os cursos para empresarios xa programados.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG para dicir que o castro de Marzán é un castro excepcional que conserva parte da muralla e conserva as croas. Cre que daría para facer un centro de interpretación ou o que quixera o grupo de goberno.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e quince minutos.